

RESUMO DUN PROXECTO DE VÍDEO

1 Obter imaxes

- Na vía pública (rúas, prazas, parques), poden gravarse vídeos ou realizar fotografías, a menos que estea expresamente prohibido.
- Ao facelo, non se debe molestar.
- Se gravas ou fotografas persoas, hai que pedir permiso.

2 Incluír música

- Para uso persoal, pode engadirse música aos vídeos. Se queres compartir en Internet o vídeo que fixeches, precisas o permiso dos titulares dos dereitos de autor da música.
- O permiso pode obterse en SGAE ou SEDA, sen prexuízo dos dereitos de produtores e intérpretes musicais, que deben ser remunerados igualmente.
- Tamén podes crear a túa propia música ou utilizar música que se atope en Internet, cuxo uso estea permitido cunha licenza Creative Commons ou outra licenza. Consulta detidamente as condicións de uso.

3 Engadir imaxes como parte dun vídeo ou dunha animación


- Como parte dun vídeo, podes engadir:
 - a. Imaxes feitas por ti
 - b. Imaxes feitas ou tomadas por outras persoas

Co permiso do autor

- Podes pedir permiso directamente ao autor ou ao titular dos dereitos.

Tamén podes solicitar autorización á entidade de xestión vVEGAP.

- Podes copiar imaxes de Internet ou escanear imaxes de libros e incluílas nun proxecto da escola con base no límite de cita, sempre que a súa incorporación a realices a modo de cita, análise, comentario ou xuízo crítico e o fagas cun fin docente ou de investigación. Lembra indicar os datos do autor e a fonte no teu traballo.



Cunha licenza Creative Commons

- Comproba as iconas da licenza para saber o que podes facer. O símbolo da licenza Creative Commons e o nome do autor deben indicarse xunto á imaxe.
- As obras cuxo prazo de protección vencera poden usarse libremente.

4 Incluir unha imaxe en movemento como parte dun traballo propio

- Para utilizar un vídeo ou parte del nun traballo propio, precísase o permiso do autor ou autores.
- O permiso pode pedirse ao autor ou ao titular dos dereitos de autor (por exemplo, o produtor) ou puido concederse cunha licenza Creative Commons.
- Consulta detidamente as condicións de uso.

5 Publicación de vídeos

- Se publicas un vídeo en Internet, comproba que tes os permisos para publicar todas as obras que utilices, como as imaxes, a música e os vídeos e, en caso necesario, tamén o permiso de publicación das persoas que aparecen no vídeo.

Lembra indicar no vídeo os datos do autor, e tamén das imaxes e a música que uses.

